

Concello de Xermade

2013 - 2016



II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"





**II Plan de Igualdade de Oportunidades entre
mulleres e homes**

Concello de Xermade

PERÍODO DE VIXENCIA: 2013-2016

PROMOVE: Concello de Xermade

COORDINA: Servizos Sociais do Concello de Xermade

FINANCIA: Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo

REALIZA: EDESGA S.L

Xermade, Novembro de 2013

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
INTRODUCCIÓN	11
II PIOM DO CONCELLO DE XERMADE: ÁREAS DE ACTUACIÓN.....	17
A1: Xestión e sensibilización municipal	19
A2: Formación e mercado laboral	21
A3: Coeducación	23
A4: Usos do tempo: Conciliación e Corresponsabilidade	25
A5: Benestar e Participación Social.....	27
A6: Prevención e eliminación da violencia de xénero	31
ANEXO: GLOSARIO DE TERMOS	33





Presentación



PRESENTACIÓN

O concello de Xermade puxo a andar o seu I Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ano 2005. Dende entón, leváronse a cabo novas medidas legislativas tanto a nivel nacional coa Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes; como a nivel autonómico coa Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, ou a Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Medidas todas elas que pretenden mellorar a situación actual das mulleres no noso país e na nosa comunidade, igualando a mulleres e homes e loitando contra a violencia de xénero que tanto nos preocupa.

Neste concello, como toda a veciñanza sabe, ao longo de todo o ano fanse diferentes actividades que se encadran dentro do Plan de Igualdade, non esquecemos datas como o 8 de marzo (Día da Muller Traballadora), 15 de outubro (Día da Muller Rural), 25 e novembro (Día contra a Violencia de Xénero) entre outros.

O Concello de Xermade forma parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero posta en marcha pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e a FEGAMP; asemade temos asinado o protocolo de actuación do servizo telefónico de atención e protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO) (Teleasistencia móbil) financiado polo IMSERSO e a FEMP.

Como alcalde preséntovos o II PIOM, no que recolleemos diferentes áreas de actuación que esperamos levar a cabo ao longo destes próximos anos, ata o 2016.

Áreas que terán que ver coa xestión e sensibilización municipal, a formación e o mercado laboral, a coeducación, a conciliación, a corresponsabilidade, o benestar, a participación social e a prevención e eliminación da violencia de xénero.

O noso propósito é seguir avanzando e mellorando respecto á igualdade de oportunidades, e reflexo desa intención é este novo Plan que poñemos á disposición de todas e todos e no que vos invitamos a colaborar e aportar.

Porque a igualdade é cousa de todas e de todos.

Tomás Rodríguez Arias
Alcalde do Concello de Xermade



Introdución



INTRODUCCIÓN

O II Plan de Igualdade de Oportunidades de Xermade é...

O II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal (II PIOM) é un compromiso de cambio social e de continuidade, implica a vontade de proseguir no camiño da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Xermade a través do establecemento dunha serie de áreas prioritarias de actuación.

O II PIOM supón tamén o **establecemento dun marco normativo municipal**, co que desenvolver medidas e iniciativas de actuación dirixidas especificamente a cumprir unha serie de obxectivos, todos eles encamiñados a reducir as desigualdades existentes e a mellorar a vida tanto das mulleres como dos homes de Xermade, por exemplo, a través da sensibilización, o fomento da corresponsabilidade no fogar, a mellora do benestar ou a loita contra a violencia de xénero.

En conclusión, pode afirmarse que o II PIOM é unha **ferramenta de cambio social**, unha folla de ruta a seguir tanto polos distintos departamentos municipais como polos principais axentes sociais implicados no desenvolvemento local. Trátase, polo tanto, dun compromiso coa igualdade de xénero durante os vindeiros catro anos, do que a poboación de Xermade será partícipe e principal beneficiaria.

¿De onde saen as áreas e medidas de actuación do II PIOM?

As áreas de actuación que configuran este marco normativo de igualdade xorden tanto da participación social, como da realización dunha profunda análise diagnóstica da realidade municipal.

Esta metodoloxía responde á necesidade de deseñar un Plan de Igualdade realista, **especificamente deseñado para a realidade do Concello de Xermade** e con medidas de actuación adaptadas ás principais necesidades, pero tamén ás posibilidades municipais.

As medidas de actuación deseñadas son froito tanto do propio contexto demográfico, formativo, laboral e social do concello, como das entrevistas en profundidade realizadas aos principais axentes sociais de Xermade; nelas recolléronse as súas suxestións, inquiredanzas e experiencias sobre a veciñanza e as súas necesidades. Deste xeito contouse coa participación de persoal experto nos seguintes ámbitos de relevancia do concello:

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes Concello de Xermade



Cada unha destas entrevistas axudou a complementar a análise diagnóstica previa abordando dende cuestións xenéricas sobre as desigualdades existentes e a situación a nivel local, ata temas específicos propios da área na que inscriben. No caso concreto do eido asociativo recorreuse a tres das asociacións máis activas e vinculadas cos principios de igualdade que rexen este II PIOM:

- A asociación de nais e pais do colexio de Xermade.
- Dúas asociacións de mulleres rurais. A asociación de mulleres rurais de Roupar e a asociación de mulleres rurais “Amuraxe”, ambas cun longo percorrido no tempo e un elevado número de socias.

Ademais da análise diagnóstica e o proceso de participación social, na redacción deste PIOM tivéronse en conta as conclusións aportadas no

informe de avaliación do primeiro Plan de Igualdade Municipal. Deste xeito recolléronse as actuacións realizadas nos anos de vixencia do plan, os obxectivos non acadados e as recomendacións de mellora de cara a futuras iniciativas no concello.

Asemade, esta ferramenta municipal constrúese dentro dun marco legislativo específico, e toma como base diversos antecedentes normativos a nivel autonómico. En concreto, para a elaboración deste documento tívose en conta o seguinte marco legal autonómico -que a súa vez nace dos acordos realizados a nivel internacional, nacional e europeo-:

O VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015
O Plan de acción contra a violencia de xénero
A Lei galega para a igualdade de mulleres e homes
A Lei galega do traballo en igualdade das mulleres de Galiza
A Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero
O Plan de fomento da corresponsabilidade en Galicia
Lexislación nacional e internacional vixente

A modo de conclusión, pode afirmarse que as áreas e medidas de actuación a desenvolver entre o presente ano 2013 e o vindeiro 2016 proveñen de:


- **Análise diagnóstica exhaustiva do Concello de Xermade** (estrutura demográfica, formativa, laboral e de benestar).
- **Proceso de participación social** (entrevistas en profundidade a persoal experto).
- **Avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal.**
- **Marco legislativo autonómico.**

A estrutura do II PIOM

O II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Xermade nace, polo tanto, da propia realidade municipal e busca acadar o maior consenso social posible para seguir avanzando na eliminación das desigualdades aínda existentes entre mulleres e homes.

As áreas prioritarias de actuación detectadas durante o proceso de análise -que serán abordadas a través de medidas de actuación específicas durante os vindeiros catros anos- son as seguintes:

AREA 1 Xestión e sensibilización municipal	A primeira área do plan busca introducir o principio de igualdade na planificación municipal, así como o compromiso de implicación de tódolos departamentos e concellerías no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
AREA 2 Formación e mercado laboral	Esta área de actuación centrarase en favorecer tanto o emprego da poboación en xeral, como a inserción laboral das mulleres en particular, abordando o autoemprego e a formación como ferramentas para conseguilo.
AREA 3 Coeducación	A terceira área de actuación –identificada como prioritaria dentro do proceso de participación social- centrarase na formación e sensibilización en igualdade da poboación infantil e xuvenil, co fin de xerar un cambio social a medio e longo prazo a través do respecto e a ruptura dos roles e estereotipos tradicionais de xénero.
AREA 4 Usos do tempo: Conciliación e Corresponsabilidade	A forma en que a veciñanza de Xermade emprega e distribúe o seu tempo inflúe directamente tanto no nivel de benestar, como nas desigualdades de xénero aínda existentes. A través desta área o concello desenvolverá medidas destinadas a favorecer a conciliación da vida laboral (e agrícola), coa familiar e persoal; e tamén a fomentar o reparto equitativo de tarefas e responsabilidades domésticas entre mulleres e homes.
AREA 5 Benestar e Participación Social	O principal obxectivo desta área é fomentar a participación social igualitaria de mulleres e homes en tódolos eidos da vida pública local; asemade as actuacións aquí contempladas buscan favorecer o benestar da veciñanza local a través de medidas que contribúan a mellorar a calidade de vida de determinados colectivos.
AREA 6 Prevención e eliminación da violencia de xénero	As medidas de actuación deseñadas nesta área buscan poñer en marcha todos os mecanismos posibles para previr e eliminar a violencia de xénero a través da coordinación de actuacións, a información sobre os recursos dispoñibles, a visibilización da problemática e a sensibilización da poboación



Áreas e medidas de actuación





AREA 1 XESTIÓN E SENSIBILIZACIÓN MUNICIPAL

A primeira área do plan busca introducir o principio de igualdade na planificación municipal, así como o compromiso de implicación de tódolos departamentos e concellerías no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

OBXECTIVO 1.1

Introducir a perspectiva de xénero na xestión municipal do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes

- Difundir entre a poboación local a existencia e o contido do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Xermade a través de:
 - Páxina web.
 - Redes sociais.
 - Exemplos nos lugares de especial afluencia da veciñanza (centro de saúde, concello, centro educativo, asociacións...).
 - Reparto dun número axeitado de exemplares nos fogares de Xermade.
- Poñer en marcha os mecanismos de avaliación continua para as medidas desvoltas ano a ano no marco do II PIOM, co fin tanto de valorar o cumprimento dos obxectivos específicos, como de introducir cambios ou melloras.
- Empregar unha linguaxe non sexista en tódolos documentos e comunicacións oficiais expedidas polo Concello de Xermade.
- Realizar reunións anuais nas que participen representantes de tódalas concellerías e departamentos municipais co fin de garantir a implicación de todo o persoal municipal no desenvolvemento da igualdade, establecendo novos compromisos de colaboración en caso necesario.
- Levar a cabo un curso de capacitación en igualdade destinando ao persoal técnico e político do Concello de Xermade, co fin de mellorar a formación neste senso e introducir as bases da igualdade de xénero na planificación municipal.

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Xermade


- Distinguir a variable sexo na recollida de datos municipais en tódolos eidos e departamentos (solicitude de recursos en servizos sociais, participación en actividades e cursos...).
- Crear partidas específicas no orzamento municipal de Xermade para poder levar a cabo as medidas contempladas no II PIOM.
- Continuar coa solicitude de subvencións co fin de obter os recursos necesarios para desenvolver as medidas e actuacións contempladas neste II PIOM (Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade, Deputación de Lugo...).
- Introducir a formación e a sensibilización en igualdade de oportunidades en todos os cursos e/ou programas formativos municipais a través dun módulo específico de igualdade.
- Proseguir coa celebración anual do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de Marzo) a través de iniciativas que fomenten a ruptura de estereotipos e visibilicen á muller tanto na vida privada como na pública.
- Manter a celebración anual da “Cea das mulleres” como medio para fortalecer as redes de colaboración e participación femininas.
- Continuar coa celebración anual do Día da Muller Rural empregando estratexias que revaloricen especificamente a labor e a importancia das mulleres no rural como base fundamental da familia e do traballo agrícola.

OBXECTIVO 1.2

Establecer estratexias de colaboración con outras entidades no camiño cara a igualdade de xénero

- Facer as xestións oportunas para levar a cabo encontros periódicos -por exemplo anuais- entre o persoal técnico comarcal dedicado ao eido de Muller e Servizos Sociais, co fin de xerar unha rede de colaboración ou un espazo de encontro onde poder compartir propostas, recursos e necesidades.
- Participar activamente na difusión de campañas que, tanto a nivel autonómico como nacional (Xunta de Galicia, Sergas, Ministerio de Igualdade...), promovan a igualdade de xénero (coeducación, corresponsabilidade...) ou a prevención e eliminación da violencia de xénero.
- Impulsar a realización de acordos de colaboración con outras entidades ou institucións -como o CIM de Vilalba- para desenvolver ou difundir actividades encamiñadas ao fomento da igualdade entre mulleres e homes en Xermade.





AREA 2 FORMACIÓN E MERCADO LABORAL

Esta área de actuación centrarase en favorecer tanto o emprego da poboación en xeral, como a inserción laboral das mulleres en particular, abordando o autoemprego e a formación como ferramentas para conseguilo.

OBXECTIVO 2.1

Fomentar a inserción laboral e o empresariado feminino a través da formación, a información e o asesoramento específicos.

- Ofrecer asesoramento ás persoas que busquen emprego de forma activa, e orientación laboral e profesional ás mulleres que desexen incorporarse ao mercado laboral.
- Poñer en marcha cursos ou obradoiros sobre técnicas e recursos para a busca de emprego prestando especial atención ás mulleres en paro que buscan o seu primeiro emprego.
- Levar a cabo un estudo das principais necesidades formativas das mulleres e homes de Xermade, para poder deseñar unha oferta de formación especificamente adaptada aos seus resultados.
- Realizar cursos de formación ocupacional destinados á poboación feminina que lles permitan mellorar as súas expectativas laborais.
- Desenvolver medidas, tales como xornadas de asesoramento ou guías, para promover o autoemprego e o espírito emprendedor entre a poboación feminina de Xermade (información sobre creación de empresas ou cooperativas, posibles ideas de negocio no eido local...).
- Difundir entre a poboación local tanto os dereitos laborais femininos, como as discriminacións aínda existentes entre homes e mulleres en canto ás condicións de traballo (discriminacións en materia de salarios, maior precariedade...).
- Coordinarse e intercambiar información con outras entidades que levan a cabo accións destinadas á inserción laboral das mulleres dentro da comarca, co fin de establecer convenios de colaboración e fomentar o emprego feminino.

AREA 3 COEDUCACIÓN

A terceira área de actuación –identificada como prioritaria dentro do proceso de participación social- centrarase na formación e sensibilización en igualdade da poboación infantil e xuvenil, co fin de xerar un cambio social a medio e longo prazo a través do respecto e a ruptura dos roles e estereotipos tradicionais de xénero.

OBXECTIVO 3.1

Promover a coeducación da poboación infantil e xuvenil de Xermade facendo partícipe ao eido familiar e institucional.

- Organizar iniciativas lúdicas e de entretemento que promovan os principios da igualdade de xénero entre a poboación infantil de Xermade (sesións de contacontos, xogos, actividades en colaboración co colexio ou a ANPA...).
- Celebrar o Día da Muller Traballadora e o Día da Muller Rural en colaboración co centro educativo, desenvolvendo estratexias ou actividades conxuntas para revalorizar o traballo doméstico e agrícola, e poñer de manifesto o papel da muller na historia e nos diferentes eidos laborais.
- Continuar coa organización de campamentos para a poboación infantil, nos que se aborde a coeducación de xeito específico e continuado durante un período de tempo determinado.
- Levar a cabo reunións periódicas entre o concello, o centro educativo e a ANPA co fin de compartir preocupacións e valorar a posibilidade de desenvolver estratexias conxuntas de actuación (deseño de actividades, posta en marcha de campañas, distribución das paradas de autobús escolar...).
- Desenvolver actividades formativas destinadas tanto a nais e pais, como a poboación adolescente, nas que se aborden os perigos das redes sociais e as pautas para un uso responsable das mesmas –dita actividade pode desenvolverse en colaboración coa Garda Civil no marco do III Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade escolar-.

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Xermade

- Organizar un ciclo de cine infantil e xuvenil no que se aborde a ruptura de roles e estereotipos tradicionais de xénero dun xeito ameno e diferente, valorando a posibilidade de propor unha actividade na que os propios rapaces/as fagan unha cortometraxe sobre a mesma base temática.
- Proporcionar aos centros educativos e á biblioteca municipal unha listaxe de lecturas recomendadas que contemplan a ruptura de roles e estereotipos tradicionais de xénero como ferramenta de coeducación.

AREA 4

USOS DO TEMPO: Conciliación e Corresponsabilidade

A forma en que a veciñanza de Xermade emprega e distribúe o seu tempo inflúe directamente tanto no nivel de benestar, como nas desigualdades de xénero aínda existentes. A través desta área o concello desenvolverá medidas destinadas a favorecer a conciliación da vida laboral (e agrícola), coa familiar e persoal; e tamén a fomentar o reparto equitativo de tarefas e responsabilidades domésticas entre mulleres e homes.

OBXECTIVO 4.1

Favorecer a conciliación dos tempos laborais (e agrícolas), coa vida familiar e o tempo de descanso persoal.

- Levar a cabo unha sondaxe entre a poboación local para valorar o interese e a potencial necesidade da veciñanza local de implantar un Punto de Atención á Infancia (PAI).
- Facer as xestións oportunas para valorar a posibilidade de crear un Centro de Día ou un Centro de Noite no termo municipal co que paliar as necesidades tanto da poboación dependente, como das mulleres e homes coidadoras/es.
- Organizar actividades e obradoiros dirixidos á poboación infantil fóra do horario escolar e/ou nos períodos vacacionais (por exemplo campamentos, xogos de verán, actividades extraescolares, etc.).
- Adecuar os horarios das actividades dirixidas á poboación local para que sexan compatibles coa conciliación da vida laboral ou agrícola, e o tempo familiar e persoal.
- Xerar, a través de charlas e reunións nas asociacións (que poden coincidir coa organización doutras actividades), un grupo de voluntariado que poida abordar necesidades sociais específicas no eido local como o respiro da poboación coidadora ou o acompañamento de menores nas paradas de autobús escolares.

OBXECTIVO 4.2

Fomentar o reparto equitativo de responsabilidades e tarefas domésticas entre os homes e as mulleres de Xermade.

- Poñer en marcha unha campaña de fomento da corresponsabilidade nos fogares de Xermade, empregando á poboación infantil como canle de comunicación e xeradores de cambio social; por exemplo a través de fichas nas que se plasmen as tarefas levadas a cabo por nais e pais.
- Fomentar o reparto equitativo de tarefas e responsabilidades domésticas a través de cursos ou actividades que impliquen á poboación adolescente e adulta do concello; por exemplo talleres de intercambio de roles para homes e mulleres adultas, ou habilidades domésticas para adolescentes en xeral.
- Levar a cabo xornadas de divulgación nas que se poña en valor e se recoñeza a importancia do traballo de ámbito doméstico e do coidado das persoas dependentes.





AREA 5 BENESTAR E PARTICIPACIÓN SOCIAL

O principal obxectivo desta área de actuación é fomentar a participación social igualitaria de mulleres e homes en tódolos eidos da vida pública local; asemade as actuacións aquí contempladas buscan favorecer o benestar da veciñanza local a través de medidas que contribúan a mellorar a calidade de vida de determinados colectivos.

OBXECTIVO 5.1

Fomentar o asociacionismo e a participación social das mulleres en tódolos eidos da vida pública incrementando o seu empoderamento e visibilización.

- Realizar unha enquisa nas asociacións para coñecer cales son as actividades máis demandadas polas socias/os, os seus intereses formativos e os horarios preferentes co fin de incrementar o nivel de participación no eido asociativo local.
- Difundir as actividades levadas a cabo dende as asociacións locais co fin de favorecer a participación nas mesmas, por exemplo publicitando as súas iniciativas en lugares de especial afluencia (centro de saúde, casa do concello...).
- Descentralizar, na medida do posible, as actividades organizadas dende o concello levando a cabo iniciativas de xeito continuado en cada parroquia, ou ben nas de maior concentración asociativa -Lousada/Roupar ou Miraz/Xermade/Piñeiro-.
- Crear un posto de traballo específico -ou asignar tarefas específicas a persoal contratado- para dinamizar as asociacións locais, prestando especial atención as asociacións femininas, a través das seguintes funcións:
 - Informar ás asociacións de axudas e subvencións.
 - Asesorar e apoiar ás asociacións na tramitación e xustificacións de subvencións.
 - Animar á participación e favorecer o proceso de difusión e divulgación do eido asociativo local.

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Xermade

- Poñer en marcha un sistema formativo de autoxestión nas asociacións locais, no que as propias socias/os poidan compartir os seus coñecementos técnicos (perruquería, logopedia, fisioterapia...) ou habilidades especiais (cociña, bricolaxe, danza...) co resto de socias/os da asociación -tomando como exemplo os intercambios grupais dos bancos de tempo-.
- Articular un espazo de encontro periódico -por exemplo reunións anuais- no que as asociacións femininas de Xermade poidan expoñer as súas necesidades e preocupacións, establecendo estratexias de actuación e sentando as bases para posibles colaboracións conxuntas.
- Favorecer e/ou repetir iniciativas -como por exemplo a organización de equipos femininos de fútbol ou un campionato mixto- que animen ás mulleres á práctica deportiva, que rompan cos estereotipos e roles tradicionais de xénero, e que visibilicen á poboación feminina en diferentes eidos da vida pública e deportiva.
- Continuar coa organización de actividades de lecer e deportivas que animen á participación social e ao desfrute do tempo persoal no caso da poboación feminina.

OBXECTIVO 5.2

Favorecer a participación social da poboación xuvenil en xeral e rexuvenecer o perfil de idade nas asociacións do eido local.

- Levar a cabo unha sondaxe entre a poboación adolescente e xuvenil (de 16 a 30 anos) para coñecer as súas preferencias e necesidades -por exemplo a través das redes sociais-.
- Deseñar e poñer en marcha actividades especificamente deseñadas para a poboación xuvenil de Xermade que incrementen a súa participación social no termo municipal.
- Animar á poboación xuvenil a organizar un sistema para compartir coche e facilitar os desprazamentos ás actividades organizadas dende as asociacións e o concello (as canles de comunicación poden ser as redes sociais, reunións ou documentación especificamente creada para este fin).

OBXECTIVO 5.2


Contribuír a mellorar a calidade de vida da poboación de maior idade e/ou dependente, e das mulleres e homes que exercen como coidadoras/es non profesionais.

- Deseñar e poñer en marcha actividades formativas destinadas a fomentar entre a veciñanza local o envellecemento activo e os hábitos de vida saudables.
- Repetir iniciativas ou cursos encamiñados á mellora da autoestima e a un mellor coñecemento da propia sexualidade, pensando especialmente nas mulleres maiores do eido rural.

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Xermade

- Abordar o tratamento e prevención de enfermidades específicas a través de charlas e/ou encontros formativos no eido parroquial de Xermade.
- Levar a cabo unha campaña informativa e de sensibilización que aborde os beneficios, tanto para coidadoras/es como para dependentes, de empregar recursos asistenciais e de axuda a domicilio.
- Desenvolver reunións nas distintas parroquias e asociacións nas que animar á poboación a establecer un sistema de voluntariado centrado na atención e acompañamento da poboación dependente, ben como ferramenta de respiro ou ben como medio para compartir soidades entre a poboación maior.
- Poñer en marcha actividades e/ou espazos de respiro destinados ás mulleres e homes coidadoras/es de poboación dependente, atendendo especificamente a súa saúde física e psicolóxica a través de reforzos e estratexias formativas (hábitos posturais, terapia grupal e intercambio de experiencias entre poboación coidadora...).



AREA 6 PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

As medidas de actuación deseñadas nesta área buscan poñer en marcha todos os mecanismos posibles para previr e eliminar a violencia de xénero a través da coordinación de actuacións, a información sobre os recursos dispoñibles, a visibilización da problemática e a sensibilización da poboación.

OXECTIVO 6.1

Crear mecanismos e ferramentas municipais que favorezan a loita contra a violencia de xénero.

- Desenvolver un Protocolo de coordinación interna no eido local que fomente e facilite a colaboración entre entidades ante os casos de violencia de xénero, con recomendacións prácticas e un percorrido de derivación das vítimas entre o Centro de Saúde, a Garda Civil e os Servizos Sociais municipais.
- Destinar unha partida orzamentaria específica para situacións de emerxencia de vítimas de violencia de xénero, ou xerar un lugar de acollida temporal en colaboración con outros concellos da comarca.
- Articular unha xornada formativa de conferencias, invitando ao entorno comarcal, que sirva como espazo de encontro e debate tanto ao persoal técnico como á poboación en xeral.

OBXECTIVO 6.2

Sensibilizar á poboación local sobre a realidade da violencia de xénero e informal sobre os recursos existentes

- Proseguir coa conmemoración anual do Día Internacional contra a Violencia de Xénero a través de medidas que impliquen a participación da veciñanza local.
- Enviar información aos domicilios de Xermade sobre os recursos dispoñibles no caso de ser vítima de malos tratos (pode incluír información sobre os tipos de violencia, pasos a seguir e servizos/recursos aos que poden acceder).

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Xermade

- Desenvolver actividades informativas e formativas, destinadas á poboación xuvenil e adolescente, adaptando a visión da violencia de xénero ao seu perfil de idade, con exemplos prácticos sobre micromachismos e actitudes de control na fase do noivado.
- Levar a cabo iniciativas –por exemplo videoforum, obras de teatro ou documentación específica- que permitan visibilizar todas as formas de violencia de xénero existentes co fin de sacalas á luz.
- Participar nas actividades e/ou iniciativas que se desenvolvan a nivel comarcal, provincial e autonómico e que teñan como finalidade previr e eliminar a violencia de xénero en calquera das súas formas.



Glosario de termos



GLOSARIO

COEDUCACIÓN

Desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertencen e, polo tanto, sen presupor capacidade en razón do sexo do alumnado.

CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

Necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo doméstico e as responsabilidades familiares. Neste concepto tense en conta tamén a esfera privada, individual de cada persoa, e inexistente para a maioría das mulleres. Polo tanto, a compatibilización tamén ten que estar relacionada coa dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal do individuo.

CORRESPONSABILIDADE

Defínese como a distribución equilibrada das tarefas domésticas, o coidado de persoas dependentes, os espazos de educación e traballo, permitindo aos membros que compoñen o fogar o libre e pleno desenvolvemento de opcións e intereses, mellorando a saúde física e psíquica das mulleres e contribuíndo a acadar unha situación de igualdade real e efectiva entre ambos sexos.

EMPODERAMENTO

Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. De acordo coa Plataforma de Acción de Pekín, relaciónase o empoderamento cos seguintes eixes: os dereitos humanos, a saúde sexual e reprodutiva, e a educación. Estes son os eixes considerados fundamentais para o avance das mulleres na sociedade, e a partir de aí trátase de potenciar a participación das mulleres en igualdade de condicións cos homes na vida económica, política e na toma de decisións a tódolos niveis.

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Fan referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Fundaméntase na necesidade de garantir o acceso dos membros dunha sociedade, homes e mulleres, aos bens que dentro da mesma se xeran: económicos, materiais e non materiais, como a educación e outros bens culturais. Polo tanto, resulta imprescindible garantir que mulleres e homes poidan acceder e participar nas diferentes esferas –económica, política, de participación social, de toma de decisións- e actividades –educación, formación, emprego e benestar-.

ROLES DE XÉNERO

Ao longo do noso proceso de socialización, aprendemos e poñemos en práctica unha serie de comportamentos aceptados como femininos e/ou masculinos, comportamentos que, dependendo do noso sexo biolóxico, van a ser considerados como apropiados ou non, favorecendo a nosa inserción como membros da sociedade á que pertencemos ou provocando reaccións adversas. Ditos comportamentos están directamente relacionados co reparto de tarefas entre mulleres e homes. Así, por exemplo, ás mulleres asígnanselles roles vinculados ao desenvolvemento de tarefas no eido doméstico, relacionadas co coidado do fogar e co coidado de persoas dependentes no eido familiar, mentres que aos homes asígnanselles roles relacionados co ámbito público: o emprego remunerado e a participación nos órganos de toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes Concello de Xermade

VIOLENCIA DE XÉNERO

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ten lugar na vida pública como na vida privada (Asemblea xeral das Nacións Unidas. Conferencia Mundial dos Dereitos Humanos, Viena 1993).

XÉNERO

Interpretación cultural da diferenza biolóxica. Mediante esta construción adscribense cultural e socialmente aptitudes, roles sociais e actitudes diferenciadas para homes e mulleres atribuídas en función do seu sexo biolóxico.



DE OPORTUNIDADES
XERMADE

II PLAN DE IGUALDADE
CONCELLO

2013 2016



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

